



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 13 DE XULLO DE 2017

Presidente:

Don Antonio Fernández Angueira.

Concelleiras e concelleiros presentes:

Don José Ramón Pardo Andrade.

Dona Lorena Couso Dopazo.

Don Ángel Rodríguez Conde.

Don Francisco Javier Guillán Iglesias.

Secretaria:

Dona Ana María Ares Álvarez.

Interventor accidental:

Don José Marcelino Rivera Rarís.

Na Alcaldía da Casa Consistorial de Padrón, sendo as dez horas do día trece de xullo de dous mil dezasete, baixo a Presidencia do señor alcalde don Antonio Fernández Angueira reúnen as señoras Concelleiras e os señores Concelleiros relacionados na cabeceira, todas e todos membros da Xunta de Goberno Local, co fin de celebrar a sesión ordinaria deste órgano en primeira convocatoria, asistidos da Secretaria da Corporación dona Ana María Ares Álvarez, de acordo coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 29 DE XUÑO DE 2017.

Remitido ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros o texto da acta da sesión ordinaria realizada o vinte e nove de xuño de dous mil dezasete por esta Xunta de Goberno Local, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

2.- SUSPENSIÓN DO PROCEDEMENTO EXTRAORDINARIO DE INTEGRACIÓN NO CORPO DA POLICÍA LOCAL DE PADRÓN DAS E DOS VIXIANTES, AUXILIARES OU INTERINOS QUE PRESTAN SERVIZOS NESTE CORPO, EXPTE. 02/2016-SPFC.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro. A sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Santiago de Compostela do 16 de febreiro do 2016, ditada no PA 571/2015, no seu fundamento de dereito quinto ordena "al Concello de Padrón a que, previa audiencia del ahora recurrente, examine y verifique el cumplimiento por dicho recurrente de los requisitos establecidos en la Disposición Adicional Segunda de la Ley 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policías Locales, y normativa de desarrollo, debiendo de dictar resolución expresa

respecto de la concurrencia o no en D. Oscar Ozores Tarela de los requisitos establecidos, y, en caso afirmativo, respecto de la procedencia de la convocatoria del concurso-oposición a que hace referencia la reiterada Disposición Adicional Segunda, convocatoria que deberá acordarse, dado el carácter imperativo de la normativa, salvo que existan obstáculos o impedimentos para la realización efectiva del referido concurso oposición que, en ese caso, habrán de concretarse y justificarse debidamente en la resolución que se dicte."

Segundo. Por acordo da Xunta de Goberno Local do 2 de xuño do 2016 aprobáronse as bases do procedemento extraordinario de integración no corpo da Policía Local de Padrón das e dos vixiantes, auxiliares ou interinos que presten servizos neste corpo e convocouse o procedemento, expte. 02/2016-SPFC.

Terceiro. Trala apertura e finalización do procedemento de presentación das instancias, por Decreto do Alcalde 342/2017, do 16 de maio, aprobouse a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas co resultado dun único aspirante admitido, designouse aos membros do Tribunal cualificador, convocouse a este último para os efectos da súa constitución para o día 29 de maio do 2017 e ordenouse a realización da primeira proba da fase de oposición o día 1 de xuño do 2017.

Cuarto. Na reunión do 29 de maio do 2017 o Tribunal designado outorga as puntuacións correspondentes na fase de concurso e o seu resultado faise público no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web do mesmo.

Quinto. O 30 de maio do 2017 o único aspirante admitido: don Oscar Ozores Tarela, presenta escrito no rexistro municipal dirixido ao Tribunal Cualificador no que expón que está de baixa laboral e solicita que "demoren dichas pruebas (as físicas) hasta una futura recuperación".

Sexto. O 1 de xuño do 2017, o Tribunal cualificador acorda: "*Requerir ao aspirante don Oscar Ozores Tarela para que, no prazo máximo de 10 días hábiles, presente informe médico acreditativo de que os problemas de saúde que sufría o día 1 de xuño do 2017 lle impedían realizar as probas físicas do procedemento selectivo convocado polo Concello de Padrón para a integración no corpo da Policía Local das e dos vixiantes, auxiliares ou interinos que presten servizos neste corpo.*"

Sétimo. Notificado o requerimento do Tribunal, o 23 de xuño o señor Ozores Tarela presenta no rexistro municipal un informe médico acreditativo de que, desde o 24 de maio, o aspirante está "impedido para realizar ejercicios físicos".

Oitavo. Visto o anterior, o 5 de xullo do 2017 o Tribunal cualificador acorda: "*Propoñer ao órgano competente para aprobar as bases e convocar o procedemento selectivo para a integración no corpo da Policía Local das e dos vixiantes, auxiliares ou interinos que presten servizos neste corpo, a suspensión do mesmo en tanto o estado de saúde do único aspirante admitido, don Oscar Ozores Tarela, non lle permita a realización das probas físicas.*"

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Visto que o señor Oscar Ozores Tarela é o único aspirante admitido no procedemento de integración no corpo da policía local e considerando que no fundamento de dereito quinto da sentenza da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo do 6 de xuño do 2012, recurso de casación 1351/2011, se recolle que:

"Constituye doctrina reiterada de esta Sala y Sección recogida por todas en nuestra reciente sentencia de 17 de junio de 2011 (RJ 2012, 607) (casación 2724/2009 , F.D. 5º), así como en las de 20 (RJ 2011, 4573) y 27 de mayo de 2011 SIC (RJ 2010, 5283) (casación 712/2009, F.D. 3 º y 1719/2007 respectivamente) y las que en ella se citan; 10 de junio de 2009 (RJ 2009, 6562) (cas. 3244/2006) y 18 de febrero de 2009 (RJ 2009, 1089) (cas. 8926/2004) la relativa a que sin negar el carácter vinculante que poseen las bases de cualquier convocatoria, debe reiterarse que su interpretación y aplicación debe hacerse siempre en el sentido más favorable a la mayor efectividad del artículo 23.2º CE y, en



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

consecuencia, deberá ser rechazada cualquier aplicación de las mismas que conduzca a un resultado que no sea compatible con el derecho reconocido en el precepto constitucional que acaba de mencionarse. Y esta clase de resultado será de apreciar cuando la estricta aplicación de unas bases dificulten el acceso a la función pública en virtud de criterios carentes de racionalidad, con una desproporción manifiesta o derivados de hechos que no sean imputables al aspirante que sufriría la exclusión."

Segundo. Considerando que os apartados a) e e) do artigo 22.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recolle que:

"1. El transcurso del plazo máximo legal para resolver un procedimiento y notificar la resolución se podrá suspender en los siguientes casos:

a) Cuando deba requerirse a cualquier interesado para la subsanación de deficiencias o la aportación de documentos y otros elementos de juicio necesarios, por el tiempo que medie entre la notificación del requerimiento y su efectivo cumplimiento por el destinatario, o, en su defecto, por el del plazo concedido, todo ello sin perjuicio de lo previsto en el artículo 68 de la presente Ley.

(...)

e) Cuando deban realizarse pruebas técnicas o análisis contradictorios o dirimentes propuestos por los interesados, durante el tiempo necesario para la incorporación de los resultados al expediente".

Terceiro. Considerando que o límite máximo da incapacidade laboral é de 18 meses de acordo ao establecido no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

Cuarto. Considerando as competencias atribuídas ao Alcalde no artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, e no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réximen local, delegadas na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Suspender o procedemento extraordinario de integración no corpo da Policía Local das e dos vixiantes, auxiliares ou interinos que presten servizos neste corpo, expte. 02/2016-SPFC, en tanto o estado de saúde do único aspirante admitido, don Oscar Ozores Tarela, non lle permita a realización das probas físicas. En todo caso, a suspensión terá unha duración máxima de 18 meses contados desde a notificación ao interesado do presente acordo.

Segundo. O aspirante queda obrigado a comunicar, mediante a presentación do correspondente escrito no rexistro municipal, a melloría ou recuperación do seu estado físico que lle permita a realización das probas físicas acompañado dun informe médico que así o acredite. Esta comunicación deberá presentarse no prazo máximo de 10 días hábiles desde que se produza a melloría ou recuperación.

Terceiro. Notificar o presente acordo a todas as persoas interesadas, coa indicación de que non pon fin á vía administrativa, sen perxuízo de formular as alegacións que estimen pertinentes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de "Suspensión do procedemento extraordinario de integración no corpo da policía local de padrón das e dos vixiantes, auxiliares ou interinos que prestan servizos neste corpo, expte. 02/2016-SPFC.", nos termos expresados anteriormente.

3.-PRÓRROGA DO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA "REHABILITACIÓN DA CASA DOS CAPELÁNS"

SITA NO ADRO DA EX-COLEXIATA DE SANTA MARÍA DE IRIA-FLAVIA", EXPTE. 27/2016-OB-PNSP.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro. Por Resolución do Alcalde número 681/2016, do 15 de novembro, adjudicouse o contrato de execución da obra "Rehabilitación da Casa dos Capeláns sita no adro da ex-Colexiata de Santa María de Iria-Flavia", expte. 27/2016-OB-PA, a CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, SL.

Segundo. O 16 de novembro do 2016 formalízase en documento administrativo o contrato da obra cun prezo de 421.828,58 €, IVE incluído, e cun prazo de execución de 210 días naturais contados desde a data do acto de comprobación da implantación do proxecto.

Terceiro. O 20 de xuño do 2017, o adxudicatario solicita unha prórroga de 40 días naturais do prazo de execución do contrato polo seguinte motivo: as obras deron comenzo o día 30 de novembro do 2016 (acta de comprobación do replanteo) pero a autorización do arqueólogo non chegou ata o 10 de xaneiro do 2017 o que impedeu que os traballos que afectaban ao subsolo (demolicións de pavimentos, levantamento de adoquinados, excavacións, remocións de terra, canalizacións soterradas, etc.) que se programaran no inicio das obras non puideran levarse a cabo ata mes e 10 días despois.

Cuarto. O 4 xullo do 2017 o director facultativo da obra presenta no rexistro municipal informe favorable á prórroga do contrato por prazo de 40 días naturais con motivo das circunstancias alegadas polo contratista.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Segundo a cláusula 5.1. do prego de administrativas particulares que rexen este contrato e que forman parte do mesmo, o prazo de execución da obra empeza a contar desde a data de sinatura da Acta de comprobación da implantación. Tendo en conta que o prazo de execución era de 210 días naturais e que a acta asinouse o 30 de novembro do 2016, aquel tería rematado o 30 de xuño do 2017.

Segundo. O artigo 213.2 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido la Lei de contratos do sector público (TRLCSPP), establece que *"Se o atraso for producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrece cumprir os seus compromisos dándolle prórroga do tempo que se lle sinalara, a Administración concederá un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pida outro menor."* No mesmo sentido a cláusula 32 do prego de administrativas que forman parte deste contrato.

Terceiro. O artigo 100.1 do Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas (RXLCP), establece que *"la petición de prórroga por parte del contratista deberá tener lugar e un plazo máximo de quince días desde aquel en que se produzca la causa originaria del retraso, alegando las razones por las que estime no le es imputable y señalando el tiempo probable de su duración, a los efectos de que la Administración pueda oportunamente, y siempre antes de la terminación del plazo de ejecución del contrato, resolver sobre la prórroga del mismo, sin perjuicio de que una vez desaparecida la causa se reajuste el plazo prorrogado al tiempo realmente perdido"*.

Cuarto. Visto que ata o día de hoxe a solicitude de prórroga non foi resolta expresamente e en aras de evitar perxuízos ao contratista cando, segundo o informe do Director da obra, as causas do retraso da obra foron alleas a el, e en aplicación do disposto no artigo 39.3. da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que di: *"Excepcionalmente, poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos cando (...) produzcan efectos favorables ao interesado, sempre que os supostos de feito necesarios existisen xa na data a que se retrotraia a eficacia do acto e esta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas"*.

Quinto. Considerando que o órgano de contratación é o Alcalde en base á DA 2ª do TRLCSPP, posto que o



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

importe acumulado de todas as anualidades non supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin os 6.000.000 de euros nin a súa duración é superior aos catro anos, pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local polo artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Prorrogar o prazo de execución do contrato da obra "Rehabilitación da Casa dos Capeláns sita no adro da ex-Colexiata de Santa María de Iria-Flavia" en corenta (40) días naturais, de acordo ao informe emitido polo director facultativo da mesma, con efectos desde o 30 de xuño do 2017, este incluído, posto que a solicitude formulada polo contratista cumpre os requisitos establecidos no artigo 100.1 do RXLCAP.

Segundo. Notificar o presente acordo ao adxudicatario, ao director facultativo e ao director da execución material da obra coa indicación de que pon fin á vía administrativa e que contra a mesma poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Dar traslado deste acordo á Intervención municipal e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que convoque.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de "Prórroga do prazo de execución da obra "Rehabilitación da Casa dos Capeláns sita no adro da ex-colexiata de Santa María de Iria-Flavia", expte. 27/2016-OB-PNSP.", nos termos expresados anteriormente.

4.- PROPOSTA DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA PRÓRROGA DO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS DO PLAN ESTATAL DE FOMENTO DO ALUGAMENTO DE VIVENDAS, A REHABILITACIÓN EDIFICATORIA E A REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS 2013-2016.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

<<Antecedentes administrativos:

Primeiro. O 30 de xuño de 2017, mediante a Orde do 23 de xuño de 2017, ábrese o prazo para solicitar a participación na prórroga no Programa de rexeneración e renovación urbanas e establécense as súas bases reguladoras que, ao mesmo tempo, serán de aplicación ás novas axudas autonómicas previstas para as actuacións que se realicen nas áreas de rehabilitación integral declaradas pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo. No artigo 3.7 da Orde do 23 de xuño de 2017, indica que coa solicitude de participación, os concellos deberán achegar un certificado do acordo municipal de solicitar a participación no programa e do compromiso do concello de actuar como entidade xestora das actuacións, logo da sinatura do correspondente acordo específico.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. O Real decreto 233/2013, do 5 de abril, polo que se regula o Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, e o Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas e se dan directrices para o desenvolvemento do Plan estatal 2013-2016, constitúen o marco normativo polo que se establecen as axudas públicas en materia de rehabilitación en Galicia.

Segundo. De acordo co artigo 13 do Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, mediante a Orde do 9 de marzo de 2015 establecéronse as bases reguladoras do programa de rexeneración e renovación urbanas deste plan estatal.

Terceiro. O Real decreto 637/2016, do 9 de decembro, prorrogou durante un ano o citado Plan estatal 2013-2016.

Cuarto. O 30 de xuño de 2017, mediante a Orde do 23 de xuño de 2017, ábrese o prazo para solicitar a participación na prórroga no Programa de rexeneración e renovación urbanas e establécense as súas bases reguladoras que, ao mesmo tempo, serán de aplicación ás novas axudas autonómicas previstas para as actuacións que se realicen nas áreas de rehabilitación integral declaradas pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Polo tanto propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Aprobar solicitar a participación na prórroga no Programa de rexeneración e renovación urbanas.

Segundo. Aprobar o compromiso do concello de actuar como entidade xestora das actuacións, logo da sinatura do correspondente acordo específico.

Terceiro. Dar traslado do presente acordo á Delegación Provincial da Consellería de Vivenda e Solo, aos Servizos Técnicos da Oficina de Rehabilitación.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de “Proposta de solicitude de participación na prórroga do Programa de rexeneración e renovación urbanas do plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016.”, nos termos expresados anteriormente.

5.-COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE PECHERÍA DE FINCA SITA NO LUGAR DE XOANE, CARCACÍA, FORMULADA POR D. ROSARIO CALVO.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

<<Antecedentes administrativos:

Primeiro. En data 11 de maio de 2017 ten entrada no Concello, con número de rexistro 4043, formulario de comunicación previa de obras de peche frontal de finca sita no lugar de Xoane, Carcacía, con referencia catastral 15066B505005660000FZ, formulada por D^a. Rosario Calvo Piñeiro. Achégase coa solicitude orzamento detallado das obras, fotografías da finca obxecto da intervención e datos catastrais.

Segundo. En data 22 de xuño de 2017 remítese ao interesado requirimento das emendas referidas polo técnico municipal.

Terceiro. En data 28 de xuño de 2017 ten entrada no concello documentación adicional consistente en memoria descritiva das obras, plano de situación e alzado do peche proposto.

Cuarto. En data 3 de xullo de 2017 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González emite conformidade coa documentación presentada coma completa e hábil para a tramitación do expediente, sen prexuízo de posterior comprobación que certifique o axuste da intervención á comunicación presentada e á normativa urbanística de aplicación.

Quinto. En data 6 de xullo de 2017 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a comunicación previa presentada

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. A comunicación previa presentada refírese á execución de obras de peche frontal de finca sita no lugar de Xoane, Carcacía, con referencia catastral 15066B505005660000FZ. Se ten procedido á



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

comprobación previa por parte dos servizos técnicos municipais do tipo de actuación solicitado aos meros efectos de verificar se as obras se poden incardinar dentro das sometidas ao réxime de comunicación previa, así coma que o uso solicitado sexa compatible co tipo de solo no que vai ter lugar a intervención.

Vista a conformidade do técnico municipal, debemos considerar que este tipo de intervención se atopa na actualidade exento da obriga xeral de contar con licenza municipal previa, en virtude do disposto polo artigo 142.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A tramitación establecida pola nova lei do solo ven a eximir do previo control administrativo dos usos do solo nos casos de obras de pequena entidade, sustituíndo a licenza municipal de obras por unha comunicación previa asinada polo promotor das obras na que describe as mesmas e declara baixo a súa responsabilidade que as obras se axustan ao disposto na normativa urbanística e en xeral coa que lle resulta de aplicación.

Este novo sistema ven limitado no seu ámbito obxectivo a sensu contrario pola relación de actos sometidos a licenza municipal en virtude do disposto polo artigo 142.2 da Lei do Solo, xa que en xeral se atopan excluídos de licenza municipal aqueles usos do solo e subsolo que non precisan da redacción dun proxecto técnico completo redactado por técnico competente, o que as asimila a obras que pola súa sinxeleza técnica e escasa entidade económica non xustifican a necesaria intervención dun profesional. Así, o artigo 142.3 da Lei do solo determina:

Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis. A comunicación previa realizaráse nos termos que se prevea regulamentariamente. Os concellos poderán establecer os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos previos.

As obras obxecto do presente expediente, e referidas na comunicación previa, sitúanse, baseándonos na conformidade dos servizos técnicos municipais, fóra das sometidas a licenza municipal previa, e polo tanto sometidas ao réxime de declaración responsable.

Polo tanto, estimamos, a reserva de informe técnico ao respecto, e visto a conformidade emitida polos técnicos municipais, que a intervención comunicada resulta hábil para a súa tramitación conforme o réxime establecido para as comunicacións previas.

Segundo. O procedemento para a presentación das comunicacións previas e o seu contido necesario veñen determinados no artigo 146.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia:

- Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente exible : Referidas no apartado sexto do formulario de comunicación previa e na conformidade técnica municipal, así coma na documentación achegada coa comunicación previa e a memoria descritiva achegada posteriormente. Execución de peche de fronte de parcela de 39,00 metros de longo, a base de cimentación de formigón con zapata de 0,25x0,40 metros cadrados de sección, e sobre éste un peche a base de columnas de pedra do país de 0,30x0,30 metros cadrados e altura máxima total de 2,20 metros e basamento cego de 0,90 metros de alto a base de bloque de formigón revestido con pedra do país por ámbalas dúas caras, rústico encintado, acceso para portal e porta de entrada.
- Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en tódolos seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación. Tal declaración figura no formulario de comunicación previa asinado pola solicitante.
- Copia das restantes autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriales cando foran legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Consta no expediente autorización da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia de data 11 de abril de 2017 para as obras solicitadas Non proceden, vista a conformidade técnica municipal, outras autorizacións sectoriais.
- Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que van

destinadas as obras. Non procede.

- Xustificante de pago dos tributos municipais, a documentación que se determine regulamentariamente e, especialmente, as autorizacións sectoriais preceptivas: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resguardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resguardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adoitir as medidas de constriximento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

Visto o que antecede, estimamos que a documentación presentada cumpre co establecido no artigo 146.1 da lei do Solo.

A cualificación urbanística da parcela obxecto da solicitude, de acordo co informado polo técnico municipal, é a de SOLO NON URBANIZABLE NON PROTEXIDO COMÚN (NU), conforme o PXOM do Concello de padrón, ao que se lle aplica o disposto para o SOLO RÚSTICO COMÚN na Lei do Solo de Galicia sen prexuízo de aplicar o planeamento respectivo, segundo o réxime transitorio disposto na Lei do Solo de Galicia para os municipios con planeamento non adaptado á lei 9/2002, e o uso solicitado resulta compatible co planeamento e normativa urbanística de aplicación, sen prexuízo do cumprimento das condicións de edificación e demais normativa urbanística aplicable, das que a declarante refire baixo a súa responsabilidade o seu cumprimento e que será obxecto de verificación coa visita de comprobación.

Terceiro. De acordo así mesmo co establecido no artigo 146.2 da Lei do Solo, a comunicación previa presentarase cunha antelación de quince días hábiles ao inicio das obras. A presentación constitúe título hábil para o inicio das obras no prazo indicado, sen prexuízo dunha posterior comprobación por parte do Concello.

Este mesmo prazo de quince días é o que se lle outorga ao Concello para, sen prexuízo dunha posterior comprobación e inspección, declarar completa a documentación presentada ou ben requerir a emenda das deficiencias que presente a mesma.

Polo tanto, e visto o conforme dos servizos técnicos municipais e o informado nos fundamentos anteriores, estimamos que procede, dado que non se considera a necesidade de subsanación algunha nin emenda de ningunha deficiencia, declarar completa a documentación e tomar coñecemento da comunicación previa efectuada.

Cuarto. A norma, no seu artigo 142.2, determina que os concellos deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos. En todo caso estímase coma solución máis axeitada e concordante coas funcións de control da legalidade urbanística que se proceda a adoitir un acordo que declare completa a documentación e tome coñecemento da comunicación previa, acordo do que se dará traslado aos servizos técnicos de urbanismo a fin de que se xire visita de comprobación e se informe sobre se a intervención se axustou á descrita na comunicación previa, así coma se concorre algunha inexactitude ou falsidade na mesma.

A estes efectos resulta de aplicación o disposto polo artigo 69.4 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que determina:

“A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación perante a administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.

Asimesmo, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así coma a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un periodo de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación."

Asimesmo e dado que estamos a falar de comunicacións previas referidas á execución de obras, modificouse a regulación dos expedientes de reposición da legalidade e sancionadores en materia urbanística da anterior LOUG, incorporando a ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma coma supostos de incoación de expediente de reposición e sancionador, así coma a tipificación coma infracción urbanística grave da inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa cando fosen legalizables ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Quinto. Coma se refire no propio texto da comunicación previa, formando parte das obrigas asumidas polo declarante, as obras deberán rematarse no prazo de seis meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa. Tal circunstancia deberá apercibirse ao declarante.

Sexto. Consideramos coma órgano competente para o outorgamento das licenzas de obras, e polo tanto para tomar coñecemento da comunicación previa que sustitúe ás mesmas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, aplicado analóxicamente ao caso que nos ocupa, xa que o acordo que se adoite constitúe un título habilitante para a execución de obras e polo tanto a estes efectos resulta asimilable a unha licenza municipal.

Proponse á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 11 de maio de 2017, asinada por D^a. ROSARIO CALVO PIÑEIRO, para obras de peche frontal de finca sita no lugar de Xoane, Carcacia, con referencia catastral 15066B505005660000FZ, expediente 61/2017/CP conforme a documentación anexa á mesma.

Segundo. A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa, habilita ao declarante para o inicio das obras no prazo de quince días hábiles dende a entrada da comunicación previa no Concello, sen prexuízo dunha posterior visita de comprobación e informe técnico por parte dos servizos técnicos municipais.

Terceiro. A presente toma de coñecemento e polo tanto o título habilitante de natureza urbanística para a execución das obras se efectúa salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Cuarto. A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a existencia das responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado a restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así coma a imposibilidade de instar un novo procedemento

durante un periodo de tempo determinado entre tres meses e un ano.

A ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma, independentemente da apertura dun expediente de reposición da legalidade, están tipificadas coma infracción urbanística grave no caso de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa, e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa, cando fosen legalizables, ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Así mesmo, a comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado.

Quinto. Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resgardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.

Sexto. As obras deberán rematarse no prazo de seis (6) meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia, isto é, a finalización das obras, deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa.

Sétimo. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo a efectos de que unha vez finalizadas as obras se xire visita de comprobación e se proceda ao correspondente informe técnico sobre a veracidade dos datos expostos na comunicación previa e o axuste das obras realmente efectuadas ás mesmas, así coma o axuste das obras á normativa urbanística de aplicación.

Oitavo. Notificar o presente acordo ao interesado/a coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de "Comunicación previa de obras de peche frontal de finca sita no lugar de Xoane, Carcacía, formulada por d. Rosario Calvo", nos termos expresados anteriormente.

6.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE RENOVACIÓN DE CUBERTA DE VIVENDA EXISTENTE SITA NO LUGAR DE A PICARAÑA Nº 25, CRUCES, FORMULADA POR D. MODESTO GARCÍA GRELA, EXPEDIENTE 71/2017/CP.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

<<Antecedentes administrativos:

Primeiro. En data 23 de maio de 2017 ten entrada no Concello, con número de rexistro 4302, instancia formulada por D. Modesto García Grela na que solicita autorización municipal para proceder á renovación da cuberta de vivenda existente sita no Lugar de A Picaraña nº 25, Cruces, con referencia catastral 15066B503009490000FM. Achégase coa solicitude autorización da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia de data 11 de abril de 2017 para as obras solicitadas, fotografías da vivenda obxecto da intervención, orzamento e datos catastrais.

Segundo. En data 16 de xuño de 2017 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González refire a necesidade de requirir emendas na documentación presentada.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Terceiro. En data 22 de xuño de 2017 remítese ao interesado requirimento das emendas referidas polo técnico municipal.

Cuarto. En data 23 de xuño de 2017 o interesado achega formulario de comunicación previa en impreso normalizado para as obras obxecto do expediente.

Quinto. En data 3 de xullo de 2017 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González emite conformidade coa documentación presentada coma completa e hábil para a tramitación do expediente, sen prexuízo de posterior comprobación que certifique o axuste da intervención á comunicación presentada e á normativa urbanística de aplicación.

Sexto. En data 6 de xullo de 2017 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a comunicación previa presentada

Fundamentos de dereito.

Primeiro. A comunicación previa presentada refírese á execución de obras de renovación da cuberta de vivenda existente sita no Lugar de A Picaraña nº 25, Cruces, con referencia catastral 15066B503009490000FM. Se ten procedido á comprobación previa por parte dos servizos técnicos municipais do tipo de actuación solicitado aos meros efectos de verificar se as obras se poden incardinar dentro das sometidas ao réxime de comunicación previa, así coma que o uso solicitado sexa compatible co tipo de solo no que vai ter lugar a intervención.

Vista a conformidade do técnico municipal, debemos considerar que este tipo de intervención se atopa na actualidade exento da obriga xeral de contar con licenza municipal previa, en virtude do disposto polo artigo 142.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A tramitación establecida pola nova lei do solo ven a eximir do previo control administrativo dos usos do solo nos casos de obras de pequena entidade, substituindo a licenza municipal de obras por unha comunicación previa asinada polo promotor das obras na que describe as mesmas e declara baixo a súa responsabilidade que as obras se axustan ao disposto na normativa urbanística e en xeral coa que lle resulta de aplicación.

Este novo sistema ven limitado no seu ámbito obxectivo a sensu contrario pola relación de actos sometidos a licenza municipal en virtude do disposto polo artigo 142.2 da Lei do Solo, xa que en xeral se atopan excluídos de licenza municipal aqueles usos do solo e subsolo que non precisan da redacción dun proxecto técnico completo redactado por técnico competente, o que as asimila a obras que pola súa sinxeleza técnica e escasa entidade económica non xustifican a necesaria intervención dun profesional. Así, o artigo 142.3 da Lei do solo determina:

Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis. A comunicación previa realizarase nos termos que se prevea regulamentariamente. Os concellos poderán establecer os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos previos.

As obras obxecto do presente expediente, e referidas na comunicación previa, sitúanse, baseándonos na conformidade dos servizos técnicos municipais, fóra das sometidas a licenza municipal previa, e polo tanto sometidas ao réxime de declaración responsable.

Polo tanto, estimamos, a reserva de informe técnico ao respecto, e visto a conformidade emitida polos técnicos municipais, que a intervención comunicada resulta hábil para a súa tramitación conforme o réxime establecido para as comunicacións previas.

Segundo. O procedemento para a presentación das comunicacións previas e o seu contido necesario veñen determinados no artigo 146.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia:

- Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente exixible : Referidas no apartado sexto do formulario de comunicación previa e na conformidade técnica municipal, así coma na documentación achegada coa comunicación previa.

Desmontaxe de cuberta de tella e retirada de escombros a vertedoiro e posterior colocación de tella cerámica curva sobre placas de fibrocemento existentes (74,00 m2).

- Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en tódolos seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación. Tal declaración figura no formulario de comunicación previa asinado pola solicitante.
- Copia das restantes autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais cando foran legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Consta no expediente autorización da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia de data 11 de abril de 2017 para as obras solicitadas Non proceden, vista a conformidade técnica municipal, outras autorizacións sectoriais.
- Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que van destinadas as obras. Non procede.
- Xustificante de pago dos tributos municipais, a documentación que se determine regulamentariamente e, especialmente, as autorizacións sectoriais preceptivas: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resguardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resguardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adoiar as medidas de constriximento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

Visto o que antecede, estimamos que a documentación presentada cumpre co establecido no artigo 146.1 da lei do Solo.

A cualificación urbanística da parcela obxecto da solicitude, de acordo co informado polo técnico municipal, é a de SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEOS RURAIS DE POBOACIÓN (NN), conforme o PXOM do Concello de padrón, ao que se lle aplica o disposto para o SOLO DE NÚCLEO RURAL na Lei do Solo de Galicia sen prexuízo de aplicar o planeamento respectivo, segundo o réxime transitorio disposto na Lei do Solo de Galicia para os municipios con planeamento non adaptado á lei 9/2002, e o uso solicitado resulta compatible co planeamento e normativa urbanística de aplicación, sen prexuízo do cumprimento das condicións de edificación e demais normativa urbanística aplicable, das que a declarante refire baixo a súa responsabilidade o seu cumprimento e que será obxecto de verificación coa visita de comprobación.

Terceiro. De acordo así mesmo co establecido no artigo 146.2 da Lei do Solo, a comunicación previa presentarase cunha antelación de quince días hábiles ao inicio das obras. A presentación constitúe título hábil para o inicio das obras no prazo indicado, sen prexuízo dunha posterior comprobación por parte do Concello.

Este mesmo prazo de quince días é o que se lle outorga ao Concello para, sen prexuízo dunha posterior comprobación e inspección, declarar completa a documentación presentada ou ben requerir a emenda das deficiencias que presente a mesma.

Polo tanto, e visto o conforme dos servizos técnicos municipais e o informado nos fundamentos anteriores, estimamos que procede, dado que non se considera a necesidade de subsanación algunha nin emenda de ningunha deficiencia, declarar completa a documentación e tomar coñecemento da comunicación previa efectuada.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Cuarto. A norma, no seu artigo 142.2, determina que os concellos deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos. En todo caso estímase coma solución máis axeitada e concordante coas funcións de control da legalidade urbanística que se proceda a adoitir un acordo que declare completa a documentación e tome coñecemento da comunicación previa, acordo do que se dará traslado aos servizos técnicos de urbanismo a fin de que se xire visita de comprobación e se informe sobre se a intervención se axustou á descrita na comunicación previa, así coma se concorre algunha inexactitude ou falsidade na mesma.

A estes efectos resulta de aplicación o disposto polo artigo 69.4 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que determina:

“A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación perante a administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.”

Asimesmo, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así coma a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.”

Asimesmo e dado que estamos a falar de comunicacións previas referidas á execución de obras, modificouse a regulación dos expedientes de reposición da legalidade e sancionadores en materia urbanística da anterior LOUG, incorporando a ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma coma supostos de incoación de expediente de reposición e sancionador, así coma a tipificación coma infracción urbanística grave da inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa cando fosen legalizables ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Quinto. Coma se refire no propio texto da comunicación previa, formando parte das obrigas asumidas polo declarante, as obras deberán rematarse no prazo de seis meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa. Tal circunstancia deberá apercibirse ao declarante.

Sexto. Consideramos coma órgano competente para o outorgamento das licenzas de obras, e polo tanto para tomar coñecemento da comunicación previa que sustitúe ás mesmas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, aplicado analóxicamente ao caso que nos ocupa, xa que o acordo que se adoite constitúe un título habilitante para a execución de obras e polo tanto a estes efectos resulta asimilable a unha licenza municipal.

Proponse á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 23 de xuño de 2017, asinada por D. MODESTO GARCÍA GRELA, para obras de renovación da cuberta de vivenda existente sita no Lugar de A Picaraña nº 25, Cruces, con referencia catastral 15066B503009490000FM, expediente 71/2017/CP conforme a documentación anexa á mesma.

Segundo. A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa, habilita ao declarante para o inicio das obras no prazo de quince días hábiles dende a entrada da comunicación previa no Concello, sen prexuízo dunha posterior visita de comprobación e informe técnico por parte dos servizos técnicos municipais.

Terceiro. A presente toma de coñecemento e polo tanto o título habilitante de natureza urbanística para a execución das obras se efectúa salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Cuarto. A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a existencia da responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado a restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un período de tempo determinado entre tres meses e un ano.

A ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma, independentemente da apertura dun expediente de reposición da legalidade, están tipificadas coma infracción urbanística grave no caso de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa, e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa, cando fosen legalizables, ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Así mesmo, a comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado.

Quinto. Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resguardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.

Sexto. As obras deberán rematarse no prazo de seis (6) meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia, isto é, a finalización das obras, deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa.

Sétimo. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo a efectos de que unha vez finalizadas as obras se xire visita de comprobación e se proceda ao correspondente informe técnico sobre a veracidade dos datos expostos na comunicación previa e o axuste das obras realmente efectuadas ás mesmas, así coma o axuste das obras á normativa urbanística de aplicación.

Oitavo. Notificar o presente acordo ao interesado/a coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente. >>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de "Comunicación previa de obras de renovación de cuberta de vivenda existente sita no lugar de A Picaraña nº 25, Cruces, formulada por d. Modesto García Grela, expediente



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

71/2017/CP", nos termos expresados anteriormente.

7.-SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS DE BLINDAXE DE PARQUE DE 20 KV DA SUBESTACIÓN ELÉCTRICA DE TRANSFORMACIÓN PADRÓN 66/20.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

<<Antecedentes administrativos:

Primeiro. En data 24 de xullo de 2015 ten entrada no Concello, con número de rexistro 6550, solicitude de licenza municipal de obras para blindaxe dos equipos de 20 kV da subestación eléctrica de transformación Padrón 66/20 kV, formulada por D. José Picón Couselo en representación de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A. Achégase coa solicitude Separata de obra civil do proxecto e estudo de seguridade e saúde.

Segundo. En data 2 de outubro de 2015 o interesado achega "Proyecto oficial subestación Padrón 66/20 kV Blindaxe" redactado polo Enxeñeiro Industrial Carlos Cristóbal Dolado e visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Madrid con número 201403405

Terceiro. En data 9 de decembro do 2015 ten entrada no Concello solicitude de informe remitida pola Demarcación de Estradas do Estado en Galicia previa ao outorgamento da autorización solicitada para as obras en tramos urbanos por parte da mercantil promotora do expediente.

Cuarto. En data 9 de febreiro de 2016 ten entrada no Concello Informe favorable á solicitude de obras en zona urbana de data 29 de xaneiro de 2016, da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia.

Quinto. En data 24 de febreiro de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa as obras solicitadas requirindo a presentación dun proxecto técnico completo e os correspondentes oficios de dirección de obra e coordinación.

Sexto. En data 25 de febreiro de 2016 remítese requirimento ao interesado das emendas referidas no informe técnico municipal.

Sétimo. En data 14 de marzo de 2016 ten entrada no Concello escrito do interesado relativo ao requirimento de documentación efectuado.

Oitavo. En data 18 de abril de 2016 ten entrada no Concello solicitude de informe técnico previo e exposición ao público de solicitude de autorización para as obras obxecto do expediente tramitada polo interesado perante a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Augas de Galicia.

Noveno. En data 4 de xullo de 2016 ten entrada no Concello escrito da mercantil interesada achegando "Proyecto básico y de ejecución subestación Padrón 2. ST 66/20k. Blindaje 20kV" redactado polo arquitecto D. Ramón Corrochano Royo e visado polo COAG en data 16 de xuño de 2016 con número 1603528,1. Achéganse así mesmo os nomeamentos técnicos requiridos.

Décimo. En data 12 de xullo de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 6196, resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 5 de xullo de 2016, que autoriza as obras solicitadas con certas condicións, entre as que se atopa a presentación dun proxecto de control arqueolóxico.

Décimo primeiro. En data 3 de outubro de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 8410, resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 22 de setembro de 2016, que autoriza o proxecto de control arqueolóxico presentado.

Décimo segundo. En data 2 de novembro de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 9139, Resolución da Dirección Xeral de Augas de Galicia autorizando as obras obxecto do presente expediente.

Décimo terceiro. En data 6 de xuño de 2017 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa favorablemente as obras solicitadas.

Décimo cuarto. En data 16 de xuño de 2017 publícase no Diario Oficial de Galicia Resolución do 4 de maio

de 2016, da Xefatura Territorial da Coruña, pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación de distribución eléctrica no concello de Padrón (expediente IN407A 2015/223-1)

Décimo quinto. En data 29 de xuño de 2017 o asesor xurídico en materia de urbanismo informa o expediente.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Tendo en conta o exposto no informe técnico municipal de data 6 de xuño de 2017, e o informe xurídico de data 29 de xuño de 2017 que son asumidos por esta resolución coma motivación, conforme o disposto polo artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en concreto tendo en conta o contido literal do informe xurídico que se transcribe a continuación:

Primeiro. *Trátase dunha solicitude de licenza municipal de obras para a substitución de certos equipos de transformación de enerxía eléctrica na subestación Padrón, sita na Avenida Camilo José Cela.*

De acordo co exposto no informe técnico municipal, ao que nos remitimos expresamente en tódalas cuestións técnicas, referíndose o presente informe a cuestións xurídicas e de procedemento, as obras consisten na construción dun novo edificio coma ampliación ao inmovible xa existente para o blindaxe das celadas de 66 kV, inmovible que xa foi obxecto de tramitación da correspondente licenza de obras no ano 2013.

A nova ampliación refírese ao blindaxe dos novos equipos de 20kV e servizos auxiliares, mediante unha ampliación que se acaroará lonxitudinalmente ao inmovible existente pola súa parte posterior, creando un hall que servirá de sala de armarios e de distribuidor para dar acceso ás dúas salas de celas. A intervención tamén inclúe un foso para os cables das líñas eléctricas á mesma cota que o xa existente, e a instalación de dous novos transformadores, e outros equipos coa finalidade de proceder á modernización das instalacións.

A nova regulación establecida pola Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. (en adiante LSG) establece unha dualidade de títulos habilitantes para a execución de obras, dado que para determinadas intervencións mantén o réxime anterior de licenza previa de obras, e para intervencións máis sinxelas, non precisadas da redacción dun proxecto técnico ou que non afectan a elementos sensibles dende o punto de vista de protección do patrimonio establece o réxime de comunicación previa, no que non se precisa unha resolución expresa senón que o promotor comunica ao Concello que no prazo de quince días hábiles procederá ao inicio das obras e refire o seu axuste á normativa urbanística, baixo a súa responsabilidade.

No presente caso, por parte do técnico municipal se determinou que as obras solicitadas non estaban dentro das tramitables coma comunicación previa de obras, debendo presentarse unha solicitude de licenza previa de obras. Neste senso nos remitimos ao citado informe dado que o criterio para determinar a aplicabilidade dun ou outro réxime e esencialmente técnico e polo tanto non forma parte do obxecto do presente informe, se ben a entidade da intervención, o seu carácter estrutural ao se tratar da construción dun novo inmovible e en xeral os datos obrantes no expediente fan que respaldemos o criterio técnico e polo tanto consideremos que o cauce procedimental polo que debe discorrir o expediente é a licenza de obras.

Segundo. *En canto á actividade que se leva a cabo co centro de transformación, entendemos visto o informe técnico que se trata da substitución dunha serie de elementos pola súa obsolescencia, polo cal non se produce un incremento sustancial na actividade nin unha variación das instalacións, polo que entendemos, a reserva de informe técnico ao respecto,*



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

que non procede unha nova comunicación previa de actividade no senso do artigo 21.2 do decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.

Coma se referiu, as obras consisten nunha edificación coa finalidade de protexer os novos equipos, que tan só supoñen unha substitución de elementos obsoletos, polo que entendemos que non se produce unha alteración sustancial pese a que tal circunstancia debera vir reflectida na documentación achegada e no informe técnico.

Terceiro. De acordo co disposto polo artigo 143.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (En adiante LSG):

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberán acompañarse de proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente

No presente caso consta no expediente "Proyecto básico y de ejecución subestación Padrón 2. ST 66/20k. Blindaje 20kV"; redactado polo arquitecto D. Ramón Corrochano Royo e visado polo COAG en data 16 de xuño de 2016 con número 1603528,1."

Este proxecto refírese á denominada obra civil, e é complementado polo "Proyecto oficial subestación Padrón 66/20 kV Blindaje MT" redactado polo Enxeñeiro Industrial Carlos Cristóbal Dolado e visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Madrid con número 201403405, referido ás instalacións.

Visto o informe técnico favorable, consideramos que os proxectos cumpren con tódalas condicións de aplicación e polo tanto resultan hábiles para documentar o expediente.

O devandito proxecto adquire a condición de documento público coa súa presentación e se erixe no marco ao que se deberán cinguir as obras, fóra de pequenas modificacións determinadas pola execución. Calquera variación esencial deberá dar lugar a unha modificación da licenza outorgada e vir reflectida no correspondente modificado ao proxecto.

Cuarto. O solo onde se proxectan as obras, segundo o informe técnico municipal e coma consta así mesmo no proxecto presentado, está clasificado coma solo urbano, coa cualificación conforme o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Padrón coma SISTEMAS-EQUIPAMENTOS destinado a infraestruturas de servizos urbanos (IS), que conforme o réxime transitorio establecido pola LSG para os municipios con planeamento non adaptado á lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), se lle aplica o disposto na LOUG para o solo urbano consolidado.

O uso solicitado encaixa dentro dos previstos polo PXOM e dos autorizables segundo a Lei do Solo de Galicia para un solo urbano consolidado, de feito se trata dunha instalación existente instalada na mesma ubicación dende fai tempo, concretamente dende o ano 1975, case vinte anos antes da aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal no ano 1994.

Visto o informe técnico municipal, ao que nos remitimos expresamente neste senso, a intervención proxectada cumpre coas condicións de edificación e cos usos admisibles conforme a normativa aplicable.

Quinto. Con motivo do período de exposición pública do proxecto das instalacións obxecto da presente solicitude, se presentaron diversos escritos de alegacións, incluíndo as presentadas polo propio Concello á aprobación do proxecto pola Consellería de Industria.

Nestas alegacións se incidiu nas múltiples cuestións relativas ao propio emplazamento da subestación e ás trabas para o desenrolo urbanístico do propio núcleo urbano de Padrón que se derivaban da mesma, os prexuízos para os habitantes, e a súa influencia negativa no contorno, así coma o feito da difícil integración da devandita instalación. Se incidía na necesidade de alonxar este tipo de instalacións do núcleo urbano, así coma da zona de respecto por razóns de protección do patrimonio histórico ao se ubicar entre a vila e o conxunto da Colexiata de Iria Flavia, o cemiterio de Adina e a Fundación Camilo José Cela.

Todas estas razóns, pese a ter certa consistencia, non desvirtúan o feito de que co planeamento urbanístico vixente na actualidade, e os usos e condicións establecidas polo mesmo para a parcela de referencia, non existe impedimento legal para o outorgamento da licenza solicitada. E dado que a concesión de licenzas urbanísticas é unha actividade urbanística reglada, cuestión resolta reiteradamente pola xurisprudencia, isto significa que no caso de se dar os presupostos legais para a súa obtención, a administración está obrigada ao seu outorgamento, pese a que existan razóns coma no presente caso que desaconsellarían a ampliación dos servizos obxecto da licenza. Para tutelar os devanditos fins ou razóns para impedir a ubicación deste tipo de instalacións en ubicacións coma a actual, debe acometerse a reforma do marco urbanístico da parcela en cuestión, ben a través da modificación puntual do vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, ben a través da aprobación dun novo PXOM.

Polo tanto, polas mesmas razóns polas que se autorizou o proxecto na Consellería de Industria, no senso de amparar a seguridade xurídica de que unha solicitude que cumpra coas condicións referidas na normativa vixente vai ser autorizada, sen que caiba ningún marxe de discrecionalidade. O Concello polo tanto está obrigado a outorgar a licenza solicitada se cumpre coa normativa de aplicación vixente.

Sexto. *A zona destinada á intervención está incluída dentro do ámbito territorial BIC (Ben de Interese Cultural) dunha paraxe pintoresca, declarada polo Real Decreto 3260/1997, polo que se declara paraxe pintoresca o contorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila de Padrón.*

As consideracións de orde patrimonial quedan sometidas ao réxime de autorización sectorial previa por parte do organismo autónomo competente en materia de patrimonio histórico, Competencia que neste caso se articula a través do Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, sección de Patrimonio.

Tramitouse perante a xefatura territorial na Coruña da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a correspondente autorización sectorial, e no presente caso se conta coa resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 5 de xullo de 2016, que autoriza as obras solicitadas con certas condicións, entre as que se atopa a presentación e autorización dun proxecto de control arqueolóxico, que foi autorizado a medio de resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 22 de setembro de 2016.

Sétimo. *Tramitouse así mesmo a autorización administrativa previa de construción conforme o disposto polo artigo 53 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico e o artigo 127 do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, seguindo o procedemento establecido pola Resolución do 19 de febreiro de 2014 da Consellería de Economía e Industria.*

Esta autorización administrativa previa supón a autorización por parte do órgano competente en materia de novas instalacións de transformación e transporte de enerxía eléctrica, e resulta



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

requisito indispensable para a obtención da licenza. No procedemento se realizaron diversas alegacións, ás que fixemos referencia anteriormente, que foron rexeitadas, outorgándose a devandita autorización. Polo tanto desta banda non existen impedimentos para o outorgamento da licenza solicitada.

Oitavo. *As instalacións e ampliación do inmovible destinado ao blindaxe se sitúan a menos de 100 metros lineais do canal de derivación do río Sar. Isto fai que se sitúe dentro da zona de policía de leitos definida pola lexislación sobre augas e o Regulamento do dominio público hidráulico, exixindo autorización do organismo de conca para as novas construcións que se ubiquen na mesma.*

Coma se reflicte nos antecedentes administrativos, procedeuse polo interesado á tramitación da devandita autorización sectorial, que foi obxecto de exposición pública e informe previo polos servizos técnicos municipais. En data 2 de novembro de 2016 ten entrada no Concello resolución da Dirección de Augas de Galicia autorizando as obras solicitadas. As obras deberán axustarse ao condicionado xeral e particular referido na citada resolución.

Noveno. *Non son necesarias, visto o informe técnico municipal, outras autorizacións sectoriais para o outorgamento da licenza solicitada.*

Décimo. *Unha vez concluídas as obras, deberá achegarse certificado de fin de obra redactado polo técnico director das obras, e solicitarse a correspondente licenza de primeira ocupación ou utilización dos edificios, sen a cal non se poderá ocupar o inmovible, nin dar de alta os subministros de auga e electricidade.*

Segundo. O órgano competente para o otorgamento deste tipo de licenzas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998.

Proponse á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Outorgar a UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A. licenza municipal de obras para BLINDAXE DE PARQUE DE 20 KV DA SUBESTACIÓN ELÉCTRICA DE TRANSFORMACIÓN PADRÓN 66/20 KV, sita na avenida Camilo José Cela nº 12 con referencia catastral 8123827NH2382S0001SD, conforme o "Proyecto oficial subestación Padrón 66/20 kV Blindaje MT" redactado polo Enxeñeiro Industrial Carlos Cristóbal Dolado e visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Madrid con número 201403405 no referido ás instalacións de equipos de transformación de enerxía eléctrica e o "Proyecto básico y de ejecución subestación Padrón 2. ST 66/20k. Blindaje 20kV" redactado polo arquitecto D. Ramón Corrochano Royo e visado polo COAG en data 16 de xuño de 2016 con número 1603528,1. no referente á obra civil, expediente 139/2015/LU.

Segundo. Apercíbese ao solicitante da obriga de presentar unha vez finalizadas as obras:

Certificado de fin de obra.

Solicitude de licenza de primeira ocupación.

Terceiro. En base ao artigo 357.4 do Regulamento da Lei do Solo establececese o contido mínimo do acto polo que se conceda a licenza, que, de acordo ao informe técnico e ao disposto no artigo 145.1 da LSG en relación aos prazos de caducidade das licenzas de obras, para a presente solicitude será:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: SOLO URBANO CONSOLIDADO, coa cualificación de SISTEMAS-EQUIPAMENTOS; INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS URBANOS (IS)
2. Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: Blindaxe 20kV subestación Padrón.

3. Altura máxima edificación: 6,25 m.
4. Superficie construída: foso 113,40 m²; planta baixa 141,55 m²
5. Separación a lindeiros: 3,50 metros
6. Orzamento de execución material: 1.441.917,64 euros (sen IVE).
7. Situación e localización das obras: Subestación Padrón, Avenida Camilo José Cela nº 12. Referencia catastral: 8123827NH2382S0001SD.
8. Nome ou razón social da persoa promotora: UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.
9. Técnicos autores dos proxectos: D. Carlos Cristóbal Dolado, enxeñeiro industrial (proxecto de instalacións eléctricas) e D. Ramón Corrochano Royo, arquitecto (proxecto de obra civil).
10. Técnico director das obras: D. Ramón Corrochano Royo, arquitecto (Obra civil) e D. Pablo Carreira López (Instalacións eléctricas).
11. Técnico director da execución material das obras: D. Francisco Corrochano Casares, arquitecto técnico (Obra civil).
12. Técnico coordinador de seguridade e saúde: Eva María Pérez Ramos (Applus Norcontrol S.L.U.)
13. Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo de seis (6) meses dende a data de notificación do acto que outorgue a licenza e concluírse no prazo de tres (3) anos contados dende a data de inicio das obras, sen que poidan interromperse as obras por un tempo superior aos seis (6) meses. Ós efectos de caducidade das licenzas estarase ao disposto polo artigo 145 da Lei do Solo de Galicia e o 359 do Regulamento da Lei do solo. Os citados prazos son prorrogables previa petición expresa formulada perante o Concello antes da conclusión do prazo inicialmente conferido.

Cuarto. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Quinto. Conforme ao disposto polo artigo 357.6 do Regulamento da Lei do Solo, resulta indispensable dispor xunto á obra de copia autorizada da licenza municipal, e ao se tratar dunha obra maior resulta obrigatorio a colocación dun cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

Sexto. No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

Sétimo. Dar traslado do acordo adoitado ao técnico municipal en xestión económica aos efectos de que se liquiden os tributos que resulten de aplicación.

Oitavo. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

Noveno. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de "Solicitud de licenza municipal de obras de blindaxe de



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

parque de 20 kv da Subestación eléctrica de Transformación Padrón 66/20", nos termos expresados anteriormente.

8.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE SUBSTITUCIÓN DE FORXADOS EN INMOBLE SITO NO LUGAR DA ROCHA Nº 2, HERBÓN, FORMULADA POR D^a. ÁNGELA GUIMAREY LASEIRAS, EXPEDIENTE 131/2016/LU.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

<<Antecedentes administrativos:

Primeiro. En data 29 de xullo de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 6806, formulario de solicitude de licenza municipal de obras de substitución de forxados en edificación anexa a vivenda existente de uso almacén sita no lugar da Rocha nº 2, Herbón, formulada por D^a Ángela Guimarey Laseiras. Achégase coa solicitude "Proyecto básico y de ejecución de sustitución de forjados en anexo existente de uso almacén (B+1)" redactado polo arquitecto Iván Camba Dopazo e visado polo COAG en data 21 de xullo de 2016 con código de visado 1604463,1

Segundo. En data 16 de decembro de 2016 a solicitante achega documentación adicional ao expediente. Terceiro. En data 2 de xuño de 2017 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González emite informe técnico favorable ás obras presentadas requirindo así mesmo a presentación de documentación adicional para a tramitación do expediente.

Cuarto. En data 6 de xuño de 2017 remítese requirimento á interesada da documentación referida no informe técnico municipal.

Quinto. En data 6 de xuño de 2017 a solicitante achega documentación adicional ao expediente.

Sexto. En data 27 de xuño de 2017 a solicitante achega nova documentación adicional requirida.

Sétimo. En data 6 de xullo de 2017 o asesor xurídico en materia de urbanismo informa o expediente.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Tendo en conta o exposto no informe técnico municipal de data 2 de xuño de 2017, e o informe xurídico de data 6 de xullo de 2017 que son asumidos por esta resolución coma motivación, conforme o disposto polo artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en concreto tendo en conta o contido literal do informe xurídico que se transcribe a continuación:

Primeiro. Trátase dunha solicitude de título habilitante para a execución de obras de substitución de forxados de edificación anexa a vivenda existente sita no lugar da Rocha nº 2, Herbón

Falamos de título habilitante dado que a nova regulación establecida pola Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. (en adiante LSG) establece unha dualidade de títulos habilitantes para a execución de obras, dado que para determinadas intervencións mantén o réxime anterior de licenza previa de obras, e para intervencións máis sinxelas, non precisadas da redacción dun proxecto técnico ou que non afectan a elementos sensibles dende o punto de vista de protección do patrimonio establece o réxime de comunicación previa, no que non se precisa unha resolución expresa senón que o promotor comunica ao Concello que no prazo de quince días hábiles procederá ao inicio das obras e refire o seu axuste á normativa urbanística, baixo a súa responsabilidade.

No presente caso, por parte do técnico municipal se determinou no seu informe de data 2 de xuño de 2017 de 2017 que as obras solicitadas non estaban dentro das tramitables coma comunicación previa de obras, debendo tramitarse coma unha licenza previa de obras. Neste senso nos remitimos ao citado informe dado que o criterio para determinar a aplicabilidade dun ou outro réxime e esencialmente técnico e polo tanto non forma parte do obxecto do presente informe.

Segundo. De acordo co disposto polo artigo 143.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (En adiante LSG):

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberán acompañarse de proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente

No presente caso consta no expediente "Proyecto básico y de ejecución de sustitución de forjados en anexo existente de uso almacén (B+1)" redactado polo arquitecto Iván Camba Dopazo e visado polo COAG en data 21 de xullo de 2016 con código de visado 1604463,1, que visto o informe técnico favorable, consideramos cumpre con tódalas condicións de aplicación e polo tanto resulta hábil para documentar o expediente.

O devandito proxecto adquire a condición de documento público coa súa presentación e se erixe no marco ao que se deberán cinguir as obras, fóra de pequenas modificacións determinadas pola execución. Calquera variación esencial deberá dar lugar a unha modificación da licenza outorgada e vir reflectida no correspondente modificado ao proxecto.

Terceiro. O solo onde se proxectan as obras, segundo o informe técnico municipal e coma consta así mesmo no proxecto presentado, está cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Padrón coma solo NON URBANIZABLE NON PROTEXIDO DE NÚCLEOS RURAIS DE POBOACIÓN, que conforme o réxime transitorio establecido pola LSG para os municipios con planeamento non adaptado á lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), se lle aplica o disposto na LOUG para o SOLO DE NÚCLEO RURAL, así coma o disposto no planeamento respectivo.

Polo tanto, resulta aplicable o disposto pola ordenanza municipal, que neste senso ampara construcións e instalacións de servizo para o uso residencial e outros usos compatibles. Polo tanto non existen impedimentos derivados do disposto polo PXOM do Concello para a intervención solicitada.

Visto o informe técnico municipal, ao que nos remitimos expresamente neste senso, a intervención proxectada cumpre coas condicións de edificación e cos usos admisibles conforme a normativa aplicable.

Cuarto. Non son necesarias autorizacións sectoriais para a intervención pretendida.

Quinto. De acordo co exposto no informe técnico municipal, de conformidade co Real Decreto 396/2006, de 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto, debe apercibirse ao responsable da empresa encargada da execución dos traballos da obriga de elaboración dun plan de traballo e de que éste debe aplicarse con fidelidade, debendo ser presentado o mesmo perante a autoridade laboral correspondente ao lugar de traballo para a súa aprobación. Este requisito nembargantes non condiciona o outorgamento da licenza polo que non existe impedimento desta banda para a tramitación da mesma, se ben estimamos que deberá incorporarse a devandita condición ao texto do acordo polo que, no seu caso, se outorgue a licenza.

Segundo. O órgano competente para o otorgamento deste tipo de licenzas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998.

Propónse á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Outorgar a D^a. ÁNGELA GUIMAREY IGLESIAS licenza municipal de obras para substitución de forxados en edificación anexa a vivenda existente de uso almacén sita no Lugar da Rocha nº 2, Herbón, con referencia catastral 15066A082005890000ZE, conforme o "Proyecto básico y de ejecución de sustitución de forjados en anexo existente de uso almacén (B+1)" redactado polo arquitecto Iván Camba Dopazo e visado polo COAG en data 21 de xullo de 2016 con código de visado 1604463,1, expediente 131/2016/LU.

Segundo. Apercíbese ao solicitante da obriga de presentar unha vez finalizadas as obras:

- Certificado de fin de obra.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Terceiro. En base ao artigo 357.4 do Regulamento da Lei do Solo establece o contido mínimo do acto polo que se conceda a licenza, que, de acordo ao informe técnico e ao disposto no artigo 145.1 da LSG en relación aos prazos de caducidade das licenzas de obras, para a presente solicitude será:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: SOLO NON URBANIZABLE NON PROTEXIDO DE NÚCLEOS RURAIS DE POBOACIÓN (NN); SOLO DE NÚCLEO RURAL SEGUNDO A LSG.
2. Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: Substitución de forxados en edificación anexa a vivenda existente de uso almacén.
3. Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: B+1, os existentes
4. Orzamento de execución material: 9.998,92 euros.
5. Situación e localización das obras: Lugar da Rocha nº 2, Herbón. Referencia catastral: 15066A082005890000ZE.
6. Nome ou razón social da persoa promotora: Ángela Guimarey Laseiras.
7. Técnico autor do proxecto: D. Iván Camba Dopazo, arquitecto.
8. Técnico director das obras: D. Iván Camba Dopazo, arquitecto.
9. Técnico director da execución material das obras: D. Rubén Veiga Fernández, arquitecto técnico.
10. Técnico coordinador de seguridade e saúde: D. Rubén Veiga Fernández, arquitecto técnico.
11. Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto que outorgue a licenza e concluírse no prazo de dezoito (18) meses contados dende a data de inicio das obras. Ós efectos de caducidade das licenzas estaráse ao disposto polo artigo 145 da Lei do Solo de Galicia e o 359 do Regulamento da Lei do solo. Os citados prazos son prorrogables previa petición expresa formulada perante o Concello antes da conclusión do prazo inicialmente conferido.

Cuarto. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Quinto. Conforme ao disposto polo artigo 357.6 do Regulamento da Lei do Solo, resulta indispensable dispor xunto á obra de copia autorizada da licenza municipal, e ao se tratar dunha obra maior resulta obrigatorio a colocación dun cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

Sexto. No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

Sétimo. Dar traslado do acordo adoitado ao técnico municipal en xestión económica aos efectos de que se liquiden os tributos que resulten de aplicación.

Oitavo. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

Noveno. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente. >>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de "Solicitud de licenza municipal de substitución de forxados en inmoible sito no lugar da Rocha nº 2, Herbón, formulada por d^a. Ángela Guimarey Laseiras, expediente 131/2016/LU.", nos termos expresados anteriormente.

9.-AXUDA PROGRAMA EMERXENCIA SOCIAL. EXPEDIENTE DO SISTEMA DE INFORMACIÓN DE SERVICIOS SOCIAIS 916.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

<< Antecedentes administrativos

Primeiro: Visto o informe-proposta da Traballadora Social, dona M^a Dolores Quintáns Longueira, de data 5 de xullo de 2017, co visto e praxe do Concelleiro delegado de Servizos Sociais, en relación coas axudas de emerxencia social do ano 2017 (Programa de inserción social), no que se propón a concesión dunha axuda á beneficiaria proposta e polo motivo que se indica no devandito informe-proposta.

Segundo: Visto o Informe da Intervención Municipal de data 6 de xullo de 2017.

Terceiro: Considerando o disposto na base de execución nº 43 do orzamento vixente para o ano 2017.

Fundamentos de dereito

Único: Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998 sobre delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local.

Proponse á Xunta de Goberno Local:

Primeiro: Conceder unha axuda por importe de 47,67 euros á usuaria de servizos sociais co número de expediente SIUSS 916 para cubrir gastos relacionados co uso da vivenda habitual e recoñecer a correspondente obriga con cargo á aplicación 2311/480.01 do orzamento vixente para o 2017 e ordenar o seu pago.

Segundo: Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Servizos Sociais, Intervención e Tesourería. >>

